BOLETÍN EPIDEMIOLÓXICO DE GALICIA

VOL. VII / 1993 / NÚM. 10
SEMANAS 37-40 / 1993
(12 setembro 1993 / 9 outubro 1993)

XUNTA DE GALICIA — CONSELLERÍA DE SANIDADE
SERVICIO GALEGO DE SAÚDE

# PROGRAMA GALEGO DE PREVENCIÓN E CONTROL DA HEPATITE B (e V)

## SUBPROGRAMA DE PREVENCIÓN E CONTROL NOS GRUPOS DE ALTO RISCO (2.ª parte)

### ACTIVIDADES EN RELACIÓN ÓS USUARIOS DE DROGAS POR VÍA PARENTERAL

Ofrecer ós usuarios de drogas por vía parenteral (UDVP) que contacten coas Unidades de Atención ó Drogodependente inicia-la vacinación fronte á hepatite B coa administración da primeira dose da serie vacinal.

Simultaneamente e na mesma visita médica, solicita-la investigación dos seus marcadores serolóxicos de hepatite B, seguindo as directrices que figuran a continuación.

O primeiro marcador a solicitar é a determinación do anti- HBc. Se o marcador é negativo, débese completa-la vacinación iniciada.

Nos anti-HBc positivos debe valorarse a presencia ou non de anti-HBs. Se este é tamén positivo, non se necesita a vacinación (trátase dun individuo inmune) e se interrompe; pero se é negativo, esta pode ser necesaria.

Neste punto debe investigarse o HBsAx, xa que, ó vacinarmos a tódolos anti-HBc(+) e anti-HBs(-), vacinaremos a un determinado número de portadores que non o precisan e ademais non poderemos detectalos, perdendo a oportunidade de vacina-los seus conviventes ou parellas sexuais. Se se realiza esta determinación, debe vacinarse ós anti-HBc(+) e ós HBsAx(-) e ós contactos susceptibles dos anti-HBc(+) e HBsAx(+).

### ESTUDIO SEROLÓXICO PREVACINAL: ALGORITMO DECISIONAL

Anti HBc ↗ (—) → Vacinar
Anti HBc ↘ (+) → Anti HBs
Anti HBs ↗ (+) → Inmune → Non vacinar
Anti HBs ↘ (—) → HBsAx
HBsAx ↗ (—) → Vacinar
HBsAx ↘ (+) → Portador
↓
Estudio clínico completo

—En xeral, se a prevalencia esperada de individuos inmunes nunha poboación é particularmente elevada (maior do 20%), aconséllase a determinación de marcadores previos á vacinación, xa que isto representará un aforro claro nos custos da vacinación.

—É preciso ter en conta que o screening prevacinal presenta ademais unha vantaxe adicional: a identificación de portadores de VHB, que á súa vez posibilitará o estudio e a protección dos seus conviventes e parellas sexuais.

—Non obstante, en ocasións e en especial en poboacións en risco nas que a realización destas determinacións poida dificulta-la vacinación, débese tamén valora-la inmunización destes individuos sen realizar previamente marcadores.

—Os grupos ós que se lles fai o test prevacinal son: UDVP; internos en institucións penitenciarias; hemofílicos, politransfundidos, hemodializados; conviventes e parellas sexuais de portadores.

A xustificación deste proceder deriva das dúas consideracións seguintes:

1.ª—Coidamos que é preferible, ante posibles perdas de contacto coas Unidades de Atención ó Drogodependente (moi frecuentes neste colectivo polas súas características sociolóxicas), a administración dalgunha dose de vacina antihepatite B que corre-lo risco de non administrar ningunha por estar á espera do resultado dos marcadores serolóxicos da hepatite B.

2.ª—Sen embargo, de cara á protección dos conviventes e parellas sexuais dos UDVP e de cara tamén a persegui-la desexable eficiencia económica da vacinación, é necesario coñece-los marcadores serolóxicos dun colectivo como este, con alta prevalencia de infección e de portadores de hepatite B.

Completando os puntos anteriores, habería que identifica-los portadores de hepatite B entre os UDVP e completa-la serie vacinal (4 doses: 0-1-2-6) naqueles que resulten susceptibles á infección polo VHB.

**DOSES SEGUNDO A IDADE E O LABORATORIO FABRICANTE NOS UDVP E INTERNOS EN INSTITUCIÓNS PENITENCIARIAS**

| Grupo | Recombivax HB Doses (μg) (ml) | Engerix B Doses (μg) (ml) |
|---|---|---|
| 11-19 anos | 5 0,5 | 20 1 |
| ≥20 anos | 10 1 | 20 1 |
| | | |
| Infectados polo VIH | 40 1 | 40* 2* |

* 2 doses de 1 ml contendo 20 μg de proteína HBsAx cada unha, administradas simultaneamente e en lugares diferentes (ámbolos deltoides, por exemplo).

Non se recomenda de xeito rutineiro a realización do test de seroconversión postvacinal nos UDVP, a non ser que sexan ademais VIH(+) ou teñan algún outro tipo de inmunodeficiencia. Nestes casos o test realizarase entre 1 e 6 meses trala última dose da pauta vacinal.

Ofertarase a todo portador UDVP detectado, a busca de susceptibles entre os seus conviventes e parellas sexuais, co fin de vacinalos fronte á hepatite B na propia unidade ou a través da súa derivación ó sistema sanitario público.

## ACTIVIDADES EN RELACIÓN ÁS INSTITUCIÓNS PENITENCIARIAS

Ofrecer a toda persoa que ingrese nunha institución penitenciaria de Galicia inicia-la vacinación fronte á hepatite B administrándolle a primeira dose da serie vacinal, en tanto que se solicita a investigación dos seus marcadores víricos segundo o protocolo establecido no algoritmo decisional xa exposto para os UDVP.

En xeral as actividades son as mesmas que para os UDVP. A pauta e de 4 doses (0-1-2-6), e ás mesmas concentracións. Aconsellando tamén ós conviventes e parellas sexuais dos portadores detectados que acudan ó sistema sanitario público para o seu estudio e inmunización daqueles que resulten susceptibles.

## ACTIVIDADES EN RELACIÓN ÓS MINUSVÁLIDOS PSÍQUICOS E MENORES INSTITUCIONALIZADOS EN CENTROS CON RISCO DE INFECCIÓN POR VHB.

Protexer fronte á hepatite B mediante o cumprimento dunha adecuada pauta vacinal (pauta xeral de 3 doses: 0-1-6 meses) ós minusválidos psíquicos institucionalizados e ós menores internados en centros considerados de risco para a transmisión da infección por VHB.

Neste caso non é preciso realizar un screening prevacinal nin comproba-la seroconversión ó finaliza-la pauta, a non ser que se trate dun menor con trastornos de tipo inmunitario.

O persoal que atende ou coida os menores destes centros tamén debe vacinarse.

## ACTIVIDADES EN RELACIÓN Ó PERSOAL SANITARIO E PARASANITARIO

Protexer mediante a administración de alomenos 3 doses ó persoal sanitario e non sanitario que traballa en centros de carácter socio-sanitario nos que se considera que existe risco profesional de infección polo VHB.

Nesta actividad inclúense: médicos, enfermeiras, auxiliares de laboratorio, estudiantes de carreiras sanitarias; persoal das Unidades de Atención ós Drogodependentes, Institucións Penitenciarias, centros de minusválidos institucionalizados e outros centros que se valoren como de risco.

Non é necesario, nestes colectivos, realizar screening prevacinal.

Sendo a pauta, a estándar: 0-1-6 meses ás doses habituais (cadro de doses recomendadas de vacinas antihepatite B autorizadas actualmente en España, BES nº 8 referente ó Programa Galego de Prevención e Control da Hepatite B).

Recoméndase realizar un test de comprobación da seroconversión, medindo os niveis séricos de anti-HBs entre 1 e 6 meses tras completa-la pauta vacinal. Considerando adecuada unha titulación de anti-HBs 10 mUI/ml. As persoas que non alcancen esta titulación deben recibir unha dose ou máis doses adicionais de vacina antihepatite B.

## ACTIVIDADES EN RELACIÓN A PACIENTES HEMOFÍLICOS, HEMODIALIZADOS OU POLITRANSFUNDIDOS

Os pacientes hemofílicos ou os que vaian ser politransfundidos deben vacinarse tan axiña como se identifique o seu problema ou condición.

# ENFERMIDADES DE DECLARACIÓN OBRIGATORIA. SITU
## SEMANAS 37 - 40

| | | | RESPIRATORIAS | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Z.S.A.I. E ÁREAS | | | INFECC. RESP. AGUDAS | | | | GRIPE | | | | PNEUMONÍA | | | | TUBERCULOSE RESPIRATORIA | | | | INFECCIÓN MENINGOCÓCICA | | | | OUTR MENINX | |
| | Poboa-ción | Cob. % | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. Ac. | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. Ac. | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. Ac. | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. Ac. | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. Ac. | Casos | I.E. |
| Fene | 42686 | 43 | 381 | 1,44 | 4126 | 1,24 | 168 | 3,29 | 833 | 0,63 | 9 | 9,00 | 41 | 0,82 | 0 | 0,00 | 7 | 1,17 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| O Ferrol | 82366 | 7 | 61 | 0,64 | 1360 | 0,58 | 8 | 2,00 | 308 | 0,53 | 2 | 0,00 | 47 | 3,13 | 2 | 0,00 | 17 | 2,43 | 0 | 0,00 | 5 | 1,67 | 0 | 0,00 |
| Narón | 65418 | 26 | 492 | 1,06 | 4564 | 0,88 | 70 | 0,99 | 960 | 0,48 | 20 | 4,00 | 166 | 1,69 | 0 | 0,00 | 1 | 0,20 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Ortigueira | 27171 | 50 | 410 | 2,22 | 4174 | 1,86 | 88 | 2,67 | 1217 | 1,66 | 18 | 4,50 | 89 | 2,54 | 1 | 0,00 | 4 | 2,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| O FERROL | 217641 | 24 | 1344 | 1,30 | 14224 | 0,94 | 334 | 1,79 | 3318 | 0,74 | 49 | 4,90 | 343 | 1,78 | 3 | 3,00 | 29 | 1,61 | 0 | 0,00 | 5 | 1,25 | 0 | 0,00 |
| Betanzos | 48116 | 53 | 632 | 1,35 | 6014 | 0,82 | 115 | 1,25 | 1251 | 0,52 | 7 | 1,17 | 99 | 0,88 | 2 | 0,00 | 7 | 0,78 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Culleredo-Burgo | 71673 | 26 | 691 | 1,65 | 7321 | 1,54 | 130 | 1,23 | 1296 | 0,82 | 27 | 3,38 | 328 | 2,36 | 2 | 2,00 | 9 | 0,69 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| A Coruña | 263742 | 50 | 3710 | 2,25 | 37059 | 1,62 | 756 | 3,26 | 10086 | 1,58 | 43 | 2,87 | 570 | 1,94 | 21 | 2,33 | 252 | 2,57 | 0 | 0,00 | 5 | 0,71 | 0 | 0,00 |
| Carballo | 88644 | 25 | 439 | 0,94 | 4522 | 0,83 | 34 | 0,34 | 1337 | 0,56 | 3 | 0,27 | 75 | 0,87 | 0 | 0,00 | 6 | 0,40 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 0 | 0,00 |
| Cee | 26429 | 42 | 841 | 3,03 | 5305 | 1,32 | 183 | 1,55 | 1623 | 0,74 | 2 | 0,13 | 75 | 0,51 | 0 | 0,00 | 3 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| A CORUÑA | 498604 | 42 | 6313 | 1,80 | 60221 | 1,33 | 1218 | 1,85 | 15593 | 0,83 | 82 | 1,19 | 1147 | 1,52 | 25 | 2,08 | 277 | 1,72 | 0 | 0,00 | 7 | 0,70 | 0 | 0,00 |
| Boiro | 30399 | 18 | 197 | 2,16 | 2168 | 1,67 | 30 | 0,64 | 1070 | 1,25 | 21 | 21,0 | 57 | 1,68 | 0 | 0,00 | 2 | 2,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| A Estrada | 28413 | 52 | 436 | 2,10 | 4702 | 1,70 | 62 | 0,54 | 840 | 0,66 | 2 | 0,50 | 52 | 1,44 | 2 | 0,00 | 7 | 1,75 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Lalín | 50620 | 57 | 381 | 1,23 | 3607 | 0,71 | 166 | 1,30 | 2134 | 0,88 | 18 | 2,00 | 198 | 1,38 | 2 | 0,00 | 6 | 0,46 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Melide | 22748 | 52 | 304 | 2,67 | 2566 | 1,53 | 46 | 7,67 | 202 | 0,84 | 0 | 0,00 | 10 | 0,91 | 0 | 0,00 | 3 | 3,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Noia | 57509 | 40 | 629 | 1,32 | 8444 | 1,21 | 68 | 1,05 | 869 | 0,51 | 9 | 3,00 | 145 | 1,46 | 0 | 0,00 | 3 | 0,75 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Ordes | 28352 | 31 | 221 | 0,64 | 2066 | 0,47 | 78 | 0,52 | 1012 | 0,30 | 5 | 1,00 | 80 | 0,54 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Padrón | 28219 | 38 | 193 | 0,86 | 2021 | 0,83 | 107 | 1,26 | 1005 | 0,63 | 3 | 0,60 | 57 | 0,42 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Ribeira | 35620 | 15 | 262 | 2,05 | 2356 | 4,25 | 52 | 0,56 | 616 | 0,59 | 10 | 2,00 | 92 | 2,88 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Santa Comba | 25071 | 17 | 38 | 0,29 | 743 | 0,53 | 8 | 0,44 | 430 | 0,85 | 0 | 0,00 | 32 | 1,03 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Santiago | 157073 | 25 | 603 | 0,94 | 8707 | 0,82 | 116 | 0,75 | 2157 | 0,41 | 20 | 1,00 | 233 | 0,83 | 1 | 0,00 | 9 | 0,90 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| SANTIAGO | 464024 | 33 | 3264 | 1,22 | 37380 | 0,97 | 733 | 0,96 | 10335 | 0,52 | 88 | 1,44 | 956 | 0,97 | 5 | 1,67 | 31 | 0,53 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Marín | 36506 | 56 | 996 | 1,64 | 9946 | 2,28 | 73 | 3,04 | 1223 | 1,02 | 13 | 6,50 | 125 | 5,21 | 1 | 1,00 | 3 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Pontevedra | 149851 | 55 | 3221 | 1,87 | 27814 | 1,33 | 396 | 1,53 | 6535 | 0,66 | 46 | 1,92 | 515 | 1,95 | 2 | 0,33 | 57 | 0,85 | 0 | 0,00 | 3 | 0,60 | 0 | 0,00 |
| Sanxenxo | 31024 | 54 | 399 | 1,19 | 5584 | 2,08 | 37 | 0,73 | 1386 | 1,22 | 7 | 1,75 | 140 | 3,59 | 0 | 0,00 | 11 | 2,20 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| PONTEVEDRA | 217381 | 55 | 4616 | 1,75 | 43344 | 1,54 | 506 | 1,41 | 9144 | 0,75 | 66 | 2,28 | 780 | 2,44 | 3 | 0,50 | 71 | 0,89 | 0 | 0,00 | 3 | 0,60 | 0 | 0,00 |
| Cangas | 40185 | 44 | 951 | 4,01 | 10089 | 3,43 | 149 | 3,31 | 2585 | 2,11 | 18 | 18,0 | 178 | 4,94 | 0 | 0,00 | 12 | 1,20 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Ponteareas | 58849 | 61 | 1067 | 2,21 | 13684 | 2,55 | 102 | 1,46 | 2219 | 1,06 | 7 | 1,00 | 188 | 1,92 | 0 | 0,00 | 7 | 0,64 | 0 | 0,00 | 2 | 1,00 | 0 | 0,00 |
| Porriño | 34225 | 67 | 758 | 3,87 | 7726 | 4,90 | 76 | 1,38 | 1120 | 0,95 | 8 | 2,67 | 97 | 2,94 | 1 | 0,00 | 7 | 1,75 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Redondela | 33912 | 44 | 1018 | 3,68 | 6665 | 2,60 | 13 | 1,18 | 602 | 0,99 | 3 | 1,50 | 80 | 3,33 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Tui | 44193 | 32 | 559 | 1,45 | 7577 | 1,79 | 202 | 1,63 | 2352 | 1,00 | 18 | 2,00 | 251 | 2,70 | 0 | 0,00 | 2 | 0,22 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Valmiñor | 34673 | 34 | 702 | 2,19 | 7452 | 2,00 | 146 | 3,48 | 1445 | 1,60 | 2 | 0,33 | 49 | 0,83 | 0 | 0,00 | 3 | 0,50 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Vigo | 274574 | 42 | 4076 | 1,46 | 47762 | 1,39 | 903 | 1,19 | 13623 | 0,87 | 53 | 2,21 | 1048 | 6,35 | 15 | 0,75 | 272 | 2,32 | 0 | 0,00 | 16 | 0,70 | 0 | 0,00 |
| VIGO | 520611 | 43 | 9131 | 1,72 | 100955 | 1,71 | 1591 | 1,49 | 23946 | 0,99 | 109 | 2,37 | 1891 | 4,53 | 16 | 0,67 | 303 | 1,73 | 0 | 0,00 | 20 | 0,77 | 0 | 0,00 |
| Carballiño | 34803 | 66 | 937 | 1,54 | 8792 | 1,11 | 178 | 0,99 | 1781 | 0,61 | 12 | 4,00 | 133 | 1,56 | 0 | 0,00 | 1 | 0,25 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 0 | 0,00 |
| Celanova | 32585 | 75 | 568 | 1,76 | 5325 | 1,27 | 112 | 1,15 | 1440 | 0,77 | 5 | 1,67 | 100 | 1,04 | 0 | 0,00 | 5 | 1,67 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Ourense | 156441 | 41 | 2141 | 1,23 | 22317 | 1,61 | 427 | 1,57 | 5048 | 1,29 | 24 | 0,45 | 665 | 1,17 | 13 | 2,17 | 113 | 1,92 | 0 | 0,00 | 4 | 0,57 | 1 | 0,00 |
| Ribadavia | 24799 | 80 | 782 | 1,77 | 6703 | 1,53 | 210 | 1,81 | 1833 | 0,84 | 15 | 0,94 | 132 | 0,92 | 0 | 0,00 | 2 | 0,67 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Verín | 33071 | 68 | 752 | 2,08 | 8691 | 2,00 | 98 | 1,58 | 1932 | 1,53 | 13 | 2,60 | 170 | 2,83 | 0 | 0,00 | 4 | 0,67 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Xinzo de Limia | 29028 | 74 | 420 | 1,54 | 4618 | 1,41 | 104 | 1,39 | 1229 | 0,80 | 7 | 1,40 | 90 | 1,36 | 0 | 0,00 | 4 | 1,33 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| OURENSE | 310727 | 55 | 5600 | 1,52 | 56446 | 1,53 | 1129 | 1,54 | 13263 | 0,95 | 76 | 0,79 | 1290 | 1,12 | 13 | 1,44 | 129 | 1,54 | 0 | 0,00 | 6 | 0,60 | 1 | 0,00 |
| Monforte de Lemos | 62360 | 37 | 982 | 1,71 | 8567 | 1,13 | 127 | 1,31 | 1227 | 0,48 | 18 | 1,29 | 197 | 0,63 | 0 | 0,00 | 4 | 0,44 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| MONFORTE | 62360 | 37 | 982 | 1,71 | 8567 | 1,13 | 127 | 1,31 | 1227 | 0,48 | 18 | 1,29 | 197 | 0,63 | 0 | 0,00 | 4 | 0,44 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Becerreá | 16975 | 36 | 161 | 0,64 | 1856 | 0,52 | 27 | 0,57 | 911 | 0,50 | 4 | 1,33 | 80 | 0,95 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Lugo | 168986 | 36 | 2370 | 1,54 | 22263 | 1,19 | 202 | 0,92 | 2689 | 0,54 | 37 | 1,23 | 622 | 1,31 | 2 | 0,50 | 79 | 1,80 | 0 | 0,00 | 1 | 0,20 | 0 | 0,00 |
| Sarria | 27790 | 41 | 615 | 1,73 | 4951 | 1,15 | 110 | 2,29 | 1226 | 0,87 | 15 | 2,14 | 151 | 1,62 | 0 | 0,00 | 4 | 1,33 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Vilalba | 31114 | 30 | 380 | 1,54 | 3651 | 1,25 | 85 | 1,44 | 1554 | 1,67 | 12 | 1,50 | 100 | 0,68 | 0 | 0,00 | 3 | 1,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| LUGO | 244865 | 36 | 3526 | 1,51 | 32721 | 1,10 | 424 | 1,05 | 6380 | 0,71 | 68 | 1,36 | 953 | 1,20 | 2 | 0,33 | 86 | 1,56 | 0 | 0,00 | 1 | 0,14 | 0 | 0,00 |
| Viveiro | 19607 | 48 | 202 | 1,06 | 2900 | 1,19 | 39 | 0,85 | 528 | 0,96 | 7 | 1,40 | 117 | 2,25 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Cervo-Burela | 31465 | 35 | 600 | 2,04 | 4415 | 1,08 | 63 | 1,97 | 655 | 0,78 | 11 | 2,20 | 130 | 0,75 | 0 | 0,00 | 20 | 1,11 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Ribadeo | 23449 | 67 | 327 | 0,99 | 3645 | 0,99 | 32 | 1,23 | 430 | 0,40 | 1 | 0,17 | 72 | 0,94 | 0 | 0,00 | 1 | 0,33 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| CERVO | 74521 | 48 | 1129 | 1,38 | 10960 | 1,07 | 134 | 1,29 | 1613 | 0,47 | 19 | 0,95 | 319 | 0,81 | 0 | 0,00 | 21 | 0,95 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| O Barco | 40150 | 61 | 1195 | 1,18 | 14136 | 0,98 | 126 | 0,57 | 2231 | 0,52 | 12 | 0,63 | 224 | 0,97 | 0 | 0,00 | 3 | 0,43 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| O BARCO | 40150 | 61 | 1195 | 1,18 | 14136 | 0,98 | 126 | 0,57 | 2231 | 0,52 | 12 | 0,63 | 224 | 0,97 | 0 | 0,00 | 3 | 0,43 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Vilagarcía de Arousa | 67432 | 37 | 951 | 1,39 | 10225 | 0,83 | 173 | 2,40 | 2790 | 0,83 | 16 | 5,33 | 293 | 2,90 | 0 | 0,00 | 1 | 0,08 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| O SALNÉS | 67432 | 37 | 951 | 1,39 | 10225 | 0,83 | 173 | 2,40 | 2790 | 0,83 | 16 | 5,33 | 293 | 2,90 | 0 | 0,00 | 1 | 0,08 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| **GALICIA** | **2718316** | **41** | **38051** | **1,71** | **389179** | **1,31** | **6495** | **1,44** | **89840** | **0,74** | **603** | **1,25** | **8393** | **1,55** | **67** | **0,97** | **955** | **1,28** | **0** | **0,00** | **42** | **0,55** | **1** | **1,00** |

* Os resultados deste cadro son provisionais.

## ENFERMIDADES DE DECLARACIÓN OBRIGATORIA. SITUACIÓN POR ZONAS SANITARIAS DE ATENCIÓN INTEGRADA SEMANAS 37 - 40, do 12/9/93 ó 9/10/93

| | INMUNOPREVIBLES | | | | | | | | | | | | TRANSMISIÓN SEXUAL | | | | | | | | ZOONOSES | | | | OUTRAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Z.S.A.I. E ÁREAS | RUBEOLA | | | | PAROTIDITE | | | | TOSEFERINA | | | | SÍFILIS | | | | URETRITE GONOCÓCICA | | | | BRUCELOSE | | | | HEPATITE VÍRICA B | | | |
| | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. ac. | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. ac. | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. ac. | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. ac. | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. ac. | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. ac. | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. ac. |
| Fene | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 3 | 0,18 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| O Ferrol | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 6 | 0,00 |
| Narón | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 1,00 | 22 | 0,85 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| Ortigueira | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 4 | 0,00 | 11 | 1,22 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| O FERROL | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,13 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 6 | 1,50 | 36 | 0,56 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 8 | 0,00 |
| Betanzos | 0 | 0,00 | 4 | 0,21 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,25 | 28 | 0,61 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Culleredo-Burgo | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,05 | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 4 | 2,00 | 25 | 0,83 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| A Coruña | 0 | 0,00 | 5 | 0,19 | 0 | 0,00 | 3 | 0,14 | 2 | 1,00 | 3 | 0,09 | 0 | 0,00 | 3 | 0,60 | 3 | 1,00 | 102 | 2,49 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 12 | 4,00 |
| Carballo | 0 | 0,00 | 2 | 0,67 | 0 | 0,00 | 1 | 0,33 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,50 | 13 | 0,35 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,00 |
| Cee | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 7 | 0,41 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| A CORUÑA | 0 | 0,00 | 11 | 0,09 | 0 | 0,00 | 6 | 0,08 | 2 | 1,00 | 4 | 0,10 | 0 | 0,00 | 3 | 0,30 | 10 | 0,67 | 175 | 0,94 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 14 | 2,80 |
| Boiro | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| A Estrada | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 0 | 0,00 | 6 | 1,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| Lalín | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 4 | 2,00 | 21 | 0,62 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 1 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| Melide | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,29 | 0 | 0,00 | 7 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Noia | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 5 | 2,50 | 18 | 0,78 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 4 | 2,00 |
| Ordes | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,20 | 20 | 0,20 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Padrón | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,25 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,33 | 5 | 0,16 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| Ribeira | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,17 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 |
| Santa Comba | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,14 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Santiago | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 6 | 1,50 | 48 | 0,63 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 0 | 0,00 | 3 | 0,00 |
| SANTIAGO | 0 | 0,00 | 1 | 0,02 | 0 | 0,00 | 5 | 0,03 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,14 | 18 | 0,64 | 122 | 0,39 | 0 | 0,00 | 9 | 9,00 | 1 | 0,00 | 11 | 2,20 |
| Marín | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 3 | 1,00 | 28 | 1,87 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 2,00 |
| Pontevedra | 0 | 0,00 | 4 | 0,17 | 1 | 0,50 | 7 | 0,06 | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 3 | 0,75 | 42 | 0,95 | 0 | 0,00 | 6 | 0,00 | 2 | 0,00 | 4 | 4,00 |
| Sanxenxo | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,07 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 4 | 4,00 | 35 | 2,92 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| PONTEVEDRA | 0 | 0,00 | 5 | 0,17 | 1 | 0,50 | 9 | 0,06 | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 10 | 1,43 | 105 | 1,31 | 0 | 0,00 | 6 | 0,00 | 2 | 0,00 | 7 | 3,50 |
| Cangas | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,00 | 5 | 0,63 | 0 | 0,00 | 2 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 0 | 0,00 | 10 | 1,43 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 3 | 0,00 |
| Ponteareas | 0 | 0,00 | 38 | 2,71 | 0 | 0,00 | 4 | 0,31 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 1 | 0,50 | 21 | 0,95 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,00 |
| Porriño | 0 | 0,00 | 1 | 0,25 | 0 | 0,00 | 1 | 0,06 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 0 | 0,00 | 11 | 1,38 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| Redondela | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 19 | 1,46 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Tui | 0 | 0,00 | 2 | 2,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 41 | 0,85 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Valmiñor | 0 | 0,00 | 1 | 0,11 | 0 | 0,00 | 1 | 0,08 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,20 | 0 | 0,00 | 2 | 0,00 | 0 | 0,00 | 3 | 3,00 |
| Vigo | 0 | 0,00 | 5 | 0,16 | 0 | 0,00 | 9 | 0,16 | 0 | 0,00 | 12 | 2,00 | 1 | 0,00 | 7 | 0,64 | 6 | 0,67 | 55 | 0,63 | 1 | 0,00 | 3 | 3,00 | 3 | 0,00 | 42 | 3,82 |
| VIGO | 0 | 0,00 | 47 | 0,53 | 2 | 0,40 | 20 | 0,06 | 0 | 0,00 | 16 | 1,45 | 1 | 1,00 | 12 | 0,67 | 8 | 0,47 | 159 | 0,81 | 1 | 0,00 | 6 | 6,00 | 3 | 0,00 | 51 | 4,25 |
| Carballiño | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,14 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,33 | 11 | 0,44 | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Celanova | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 3 | 0,75 | 36 | 0,51 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Ourense | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,07 | 0 | 0,00 | 2 | 2,00 | 0 | 0,00 | 5 | 1,00 | 2 | 0,13 | 54 | 0,57 | 0 | 0,00 | 3 | 0,25 | 1 | 0,00 | 2 | 0,40 |
| Ribadavia | 0 | 0,00 | 1 | 0,20 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 12 | 0,39 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Verín | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,20 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 2 | 1,00 | 13 | 0,33 | 0 | 0,00 | 3 | 0,18 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Xinzo de Limia | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 6 | 0,67 | 30 | 0,29 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| OURENSE | 0 | 0,00 | 2 | 0,06 | 0 | 0,00 | 4 | 0,06 | 0 | 0,00 | 3 | 1,00 | 0 | 0,00 | 6 | 0,67 | 14 | 0,38 | 156 | 0,39 | 0 | 0,00 | 7 | 0,13 | 1 | 0,00 | 2 | 0,29 |
| Monforte de Lemos | 0 | 0,00 | 1 | 0,13 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,50 | 17 | 0,23 | 0 | 0,00 | 2 | 0,67 | 1 | 0,00 | 2 | 0,00 |
| MONFORTE | 0 | 0,00 | 1 | 0,13 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,50 | 17 | 0,23 | 0 | 0,00 | 2 | 0,67 | 1 | 0,00 | 2 | 0,00 |
| Becerreá | 0 | 0,00 | 2 | 1,00 | 0 | 0,00 | 2 | 1,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 4 | 0,36 | 0 | 0,00 | 3 | 1,50 | 0 | 0,00 | 2 | 0,00 |
| Lugo | 0 | 0,00 | 1 | 0,08 | 0 | 0,00 | 7 | 0,41 | 0 | 0,00 | 2 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,29 | 1 | 0,17 | 45 | 0,52 | 1 | 0,00 | 16 | 1,14 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Sarria | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 3 | 3,00 | 22 | 1,16 | 0 | 0,00 | 4 | 0,67 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Vilalba | 0 | 0,00 | 3 | 1,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 6 | 0,46 | 0 | 0,00 | 1 | 0,25 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| LUGO | 0 | 0,00 | 6 | 0,38 | 0 | 0,00 | 9 | 0,24 | 0 | 0,00 | 2 | 0,33 | 0 | 0,00 | 2 | 0,25 | 5 | 0,38 | 77 | 0,59 | 1 | 1,00 | 24 | 0,89 | 0 | 0,00 | 2 | 1,00 |
| Viveiro | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,07 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Cervo-Burela | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 1,00 | 15 | 0,63 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| Ribadeo | 1 | 0,00 | 3 | 0,43 | 0 | 0,00 | 2 | 0,67 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 5 | 1,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,33 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| CERVO | 1 | 0,00 | 3 | 0,43 | 0 | 0,00 | 3 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,50 | 21 | 0,49 | 0 | 0,00 | 2 | 0,67 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 |
| O Barco | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,10 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 1 | 0,50 | 1 | 0,09 | 32 | 0,26 | 2 | 0,00 | 13 | 0,93 | 1 | 0,00 | 6 | 6,00 |
| O BARCO | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,10 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 1 | 0,50 | 1 | 0,09 | 32 | 0,26 | 2 | 0,00 | 13 | 0,93 | 1 | 0,00 | 6 | 6,00 |
| Vilagarcía de Arousa | 0 | 0,00 | 2 | 0,13 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 4 | 1,33 | 35 | 0,85 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| O SALNÉS | 0 | 0,00 | 2 | 0,13 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 4 | 1,33 | 35 | 0,85 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| **GALICIA** | **1** | **0,09** | **78** | **0,23** | **3** | **0,27** | **58** | **0,04** | **2** | **0,29** | **26** | **0,30** | **2** | **0,33** | **25** | **0,46** | **80** | **0,54** | **935** | **0,56** | **4** | **0,67** | **69** | **0,62** | **9** | **4,50** | **105** | **2,50** |

* Os resultados deste cadro son provisionais.

Recoméndase realizar probas prevacinais naqueles pacientes que xa recibisen múltiples administracións de sangue ou de determinados productos sanguíneos.

Estes pacientes poden recibi-la pauta xeral de 0-1-6 meses, pero nos que se precise unha inducción máis rápida da inmunidade debe utilizarse unha pauta alternativa de 4 doses, correspondentes ós meses 0-1-2-6. A cuarta dose pódese administrar nun intervalo que vai do 6º ó 12º mes da primeira.

No caso dos pacientes en hemodiálise, a protección inducida pola vacina pode ser menos completa necesitándose doses máis elevadas ou maior número de doses para inducir unha resposta de anticorpos adecuada, e pode ser que esta protección persista soamente en tanto que os niveis de anticorpos se manteñan por encima de 10 mUI/ml.

A pauta inicial recomendada para utilizar nos hemodializados é 0-1-2-6, e as doses segundo o laboratorio fabricante son:

Engerix B.—2 doses de 1 ml. cada unha, contendo 20 μg de proteína HBsAx por dose. Deben ser simultáneas, pero en lugares diferentes (ámbolos dous deltoides, p. ex.).

Recombivax H-B.—1 dose de 1 ml contendo 40 μg de proteína HBsAx/dose.

Nestes pacientes, a necesidade de doses de recordo debe avaliarse anualmente mediante a determinación do nivel de anticorpos e debe administrarse unha dose de recordo cando eses niveis caian por debaixo de 10 mUI/ml.

Ó igual ca no caso de pacientes hemofílicos ou politransfundidos recoméndase a valoración previa á vacinación da susceptibilidade ante o VHB nos pacientes que levan certo tempo en programas de hemodiálise.

Así mesmo, recoméndase a vacinación en estadios precoces do curso da enfermidade renal, xa que os pacientes con uremia que son vacinados antes de que requiran diálise é máis probable que respondan á vacina.

## ACTIVIDADES EN RELACIÓN Á PROFILAXE POSTEXPOSICIÓN

Difundir entre os profesionais sanitarios, tanto de atención primaria coma de especializada, as pautas de profilaxe postexposición ante contactos accidentais con sangue e outras secrecións potencialmente transmisoras de VHB, poñendo á súa disposición os medios necesarios para levalas a cabo. Inclúese dentro desta actividade o adecuado manexo dos contactos de pacientes con hepatite B aguda co fin de protexelos fronte á posible transmisión do virus.

**GUÍA DE INMUNOPROFILAXE POSTEXPOSICIÓN Ó VIRUS DA HEPATITE B**

| Tipo de exposición | Inmunoprofilaxe |
|---|---|
| Perinatal | Vacinación +HBIG |
| Sexual a caso agudo | HBIG +/-Vacinación |
| Sexual a portador crónico | Vacinación |
| Contacto convivente de portador crónico | Vacinación |
| Contacto convivente de caso agudo | Nada, se non se identificou exposición ó sangue |
| Idem, con exposición identificada ó sangue | HBIG +/-Vacinación |
| Nenos menores de 1 ano, contactos conviventes de caso agudo | HBIG +Vacinación |
| Accidental percutánea/mucosa | Vacinación +/-HBIG |

## AVALIACIÓN

Avaliación das coberturas vacinais

A obtención dos indicadores de cobertura vacinal deste Subprograma, tropeza coa enorme dificultade do cálculo dos seus denominadores, dada a difícil cuantificación dos chamados grupos de alto risco. A Dirección Xeral de Saúde Pública proponse, sen embargo, realizar un esforzo progresivo neste campo, a fin de perfeccionar e completar dentro do posible estes indicadores.

No momento actual estase en disposición de avalia-las coberturas vacinais nos seguintes grupos de risco:

* UDVP atendidos polas unidades de atención ó drogodependente.

* Internos en institucións penitenciarias.

* Internos noutras institucións que se consideren de risco para a transmisión do VHB.

* Persoal que traballa en centros sanitarios.

Nestes colectivos obteranse os seguintes indicadores:

1. Porcentaxe de primeiras doses aplicadas respecto ó total da poboación incluída en cada grupo considerado.

2. Porcentaxe de terceiras e cuartas doses aplicadas, segundo o caso, respecto do número de primeiras doses administradas en cada grupo considerado.

Avaliación do proceso.

1. Porcentaxe de estudios (screening) prevacinais realizados respecto ó número de primeiras doses aplicadas nos distintos grupos en que proceda esta actividade.

2. Porcentaxe de test de seroconversión realizados respecto ó número de terceiras e cuartas doses aplicadas segundo o caso nos grupos de risco nos que proceda esta actividade.

3. Distribución porcentual de doses vacinais nos distintos grupos de risco.

Indicador de xestión.

Porcentaxe do número de doses administradas en cada punto de vacinación respecto do número de doses subministradas a cada un deles.

**SUBSCRICIÓNS Dirixi-la solicitude ó Servicio de Epidemioloxía. Subdirección de Saúde Pública. Consellería de Sanidade. San Lázaro, s/n. 15771 Santiago de Compostela.**

Imprime: Galicia Editorial, S.A. Gaesa - Depósito Legal: C. 688-1986